



## Concello de Ribeira de Piquín

Data: 14 de maio de 2019	
<b>ASPIRANTE</b>	
Nome e apelidos:	Sinatura:
DNI:	
Consistirá en realizar un exercicio de carácter práctico sobre as funcións do posto. Puntuación máxima 10 puntos, para superalo é preciso obter un mínimo de 5 puntos. Tempo 60 minutos.	

### SEGUNDO EJERCICIO. PRÁCTICO.

Unha muller do Concello da Ribeira de Piquín acude ao Departamento de Servizos Sociais Comunitarios moi preocupada pola situación na que se atopan dous veciños seus aos que non sabe como axudar. Desexando permanecer no anonimato expón ambos casos:

1.- Martiño é un varón de 61 anos de idade, de huraño carácter, que reside só no seu domicilio familiar nunha vivenda herdada dos seus pais e que reúne moi malas condicións de habitabilidade. Martiño carece de ingresos, ten débedas contraídas coa Seguridade Social, cortáronlle a luz dende fai seis meses e os veciños déixanlle comida na entrada da súa casa a diario para que este a colla dado que non ten para comer nin para cubrir as súas necesidades máis básicas.

2.- Sinforosa é unha muller de 85 anos de idade, puidera sufrir demencia, presenta dificultades para a deambulación e para a realización das actividades básicas da vida diaria. Reside soa e carece de familiares cercanos. Non se deixa aconsellar nin axudar. Presúmese que ten un patrimonio bastante cuantioso e témesese que algunha persoa intente aproveitarse desa situación.

Plantexa as intervencións a realizar en ambos supostos sintetizando ao máximo posible.